

Asunto: Funcións Comisionado Mesa pola Mobilidade.

O Pleno Municipal, en sesión celebrada o 3 de outubro de 2019 adoptou a “Declaración da Coruña por unha mobilidade máis sostible”.

Ao amparo da devandita Declaración, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 23 de outubro de 2019, acordou a constitución da Mesa pola Mobilidade Sostible da Coruña, que será asistida polo Comisionado para a Mobilidade, que realizará as funcións de secretaría.

O obxectivo común é compartir un pacto polo medio ambiente, a saúde pública e a necesaria cohesión social. Con este obxectivo, propónse que o Comisionado para a Mobilidade, teña as seguintes funcións:

- Informar a actualización do bloque normativo en materia de mobilidade.
- Informe previo sobre actuacións en materia de tráfico (peonalizacións, zonas 30, carril bus, carril bici, cambios de sentido).
- Propoñer ao concelleiro competente, para o seu estudo e aprobación, actuacións e procedementos en materia de mobilidade.
- Elaborar as propostas de mobilidade que lle sexan requeridas polos órganos municipais competentes.
- Fomentar a formación e información á cidadanía para lograr unha mobilidade segura e saudable.
- Configurar e desenvolver o observatorio da mobilidade elaborando os estudos que lle requiran os órganos municipais competentes.
- Propiciar a utilización das últimas tecnoloxías na mobilidade..
- Coordinar o apoio policial necesario para a mobilidade.
- Desempeñar a secretaría da Mesa pola Mobilidade.

Á vista do exposto e das funcións delegadas pola Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2019 e do Decreto da Alcaldía de 26 de xuño de 2019, propónse ao Concelleiro de Urbanismo, Infraestructuras e Mobilidade, a adopción da seguinte Resolución:

PRIMEIRO: Asignar ao Comisionado pola Mobilidade as seguintes funcións:

- Informar a actualización do bloque normativo en materia de mobilidade.
- Informe previo sobre actuacións en materia de tráfico (peonalizacións, zonas 30, carril bus, carril bici, cambios de sentido).

Concejalía de Urbanismo, Vivienda, Infraestructuras y Movilidad
Servicio de Movilidad

📄 85113I01GZ 📁 851/2019/142Exv.: 23/19

- Propoñer ao concelleiro competente, para o seu estudo e aprobación, actuacións e procedementos en materia de mobilidade.
- Elaborar as propostas de mobilidade que lle sexan requeridas polos órganos municipais competentes.
- Fomentar a formación e información á cidadanía para lograr unha mobilidade segura e saudable.
- Configurar e desenvolver o observatorio da mobilidade elaborando os estudos que lle requiran os órganos municipais competentes.
- Propiciar a utilización das últimas tecnoloxías na mobilidade..
- Coordinar o apoio policial necesario para a mobilidade.
- Desempeñar a secretaría da Mesa pola Mobilidade.

SEGUNDO: Publicar a presente Resolución na páxina web municipal.

A Coruña, na data da firma dixital do documento.

A Directora da Área de Infraestructuras e Mobilidade

Elvira Quinteiros Lorenzo